

CANTAR DE CORPOS

~

Correa Corredoira

Limiar de Yolanda Castaño



BAÍA EDICIÓN S

O corpo oulea en cánticos de amor

Coa alusión bíblica do seu título, Correa Corredoira entoa todo un rosario de salmos laicos nos que o *eros* trata de esco-rrentar a morte e puxar a brazo partido pola vida.

Son tan tenaces e apaixonados coma a súa pintura: só trasladan a mensaxe das pinceladas ao código escrito. Idénticos e vitais; coherentes. É un mesmo Xabier o que pinta, o que escribe, o que desexa.

E así de híbrido e ardoroso é este *Cantar de corpos*. Un libro no que o amor se fai pero tamén se come, se preme, se fuma, se soña, se cociña, se zarrapica, se debulla... se respira. Unha res- tra de poemas polos que desfila a plástica (*posas e pinto sombras*), o cine (*a última película que viches; un filme de autodestrución*), a mú- sica (dun *blues irredento* a Leonard Cohen), a literatura (*amor nos tempos do cólera*) e, aínda máis recorrentemente, a danza (*a túa baila; ritmo de samba; o peito unha pista / a gastar pola punta do teu pé*). Porque o seu autor sabe como dar voz ao corpo a través da arte, como ese é o máis alto idioma dos seus ouleos.

Por iso *Cantar de corpos* é capaz de combinar a expresión máis procaz coas referencias cultas, e que estas conxuguen a un tempo a Manet e Radio Futura, Safo e mais Chillida, Macondo

e Janis Joplin. Por iso o poemario se abre citando á vate de Lesbos, por iso se aferra con tanto entusiasmo á lírica clásica coma a un tarro de olivas.

Porque na poesía, como na pintura, non é outro que o corpo quen se expresa. O corpo catalizador de todas esas impresións que nacen e que regresan a el postas en trazos, en volumes, en palabras. O corpo quen as padece e o corpo quen constrúe as linguaxes que as testemuñan.

O corpo tan omnipresente nestas páxinas (*as laparadas das túas pernas; a man que acolle a miña; os teus pés que bailan; a trincheira da túa boca; as nácaras do teu peito*); tanto como o está a ser, como o volve ser, na hora actual da poesía galega. (Correa Corredoira ocupa un lugar de seu na paisaxe da nosa escrita, non se esqueza que a literaria fora a súa primeira vocación).

E se este corpo fala aquí a través de constructos culturais, non por iso deixa de seguir abrazando profundamente a natureza (montaña, praias, bosque, animais varios...). Evoca un erotismo por momentos ben telúrico (*hortas a menstruar*), rural (ule a aldea, perde os lentes mentres bota verzas ás galiñas) e apegado a xeografías concretas (río Xallas, Taramundi, o Portiño ou mesmo Namibia).

Era se cadra de esperar que estas páxinas –ou ‘*alas de leite*’ como di, ben máis fermosamente, Xabier– despregasen toda esta imaxinación tan colorista que ata nos presenta un enteiro catálogo de bicos de cada cor. Sensual e acugulada de

imaxes, preciosista canto ás sensacións. Mais tamén aparecen sombras, ameazas ao afecto. Cruza a escena a saudade, a distancia do amor.

Ningunha relación é plana nin cadro ningún presenta unha única dimensión. O amor de *Cantar de corpos* é un amor que conta e canta os seus ascensos e caídas, que se pregunta se se gaña máis coas perdas ou coas ganancias. Un sentimento capaz de amar sentindo que *‘cada vez que te busco / é a primeira’*, pero capaz tamén de coñecer o desencontro, a frustración, o desespero, o desamor (*Xa estou espido / e ti aínda non; cansazo, desabor, angueira...*; beixos ocos, remorso).

Amor físico como vía de escape, amor como cura contra *‘os corredores da dor’*. O que presenta este libro non é unha emoción tan elevada que non a poidamos alcanzar. É un amor terreal que fai excursións, baila, le, bótalle os lentes ás galiñas por erro, vai de paseo cos nenos, fai a compra... pero tamén un amor que medra no simbólico, que se fai transcendente nas mans da creación: un amor que cociña nos dentes da amada, que cea no seu padal, que se lava nos seus ollos. O mesmo que ergue nel esa amada capaz de mudar as estacións cando se veste, de facer nacer o día cada vez que se perfuma.

Non hai tufo sexista no xeito en que a beleza feminina é atravesada por un canon patriarcal. Correa desmárcase cando declara *‘Fásteme bonita / porque o es por dentro’* ou *‘Nacín no ano dos teus quilos, / se engordas farasme / menos idoso para / amarte ao teu xeito’*. É un amor tan horizontal coma no leito: lonxe de xerarquías

e rivalidades, no canto de ser hostil deus, fáiselle ‘*animal afin*’. Por aí apunta o ideario da súa declaración de intencións.

Porque a relación é tamén o pano de fondo sobre o que se proxectan as estampas do mundo: hai neste libro relampos de conciencia cívica, de político reclamo. Fálase da ‘*depravada banca*’, do planeta como ‘*parque temático global*’. As imposturas do día, impulsos autodestrutivos para combater tanto desgusto (*cobizaba fume / para pechar nos ollos / unha luz velenosa*), contradicións e infamias da ‘*república mundial*’.

Menos mal que quedan as estrelas do humor, que o amor segue a ‘*acalar trincheiras*’, que grazas a el podemos seguir ‘*agatunando na caída*’. A catro patas, en posición fetal, erguido sobre os cuartos traseiros.

Coa forza brutal dese salmo selvaxe aparece retratado o sexo aquí. Coma un sáfico ‘*bicho escuro que sacode*’, coma ‘*o teu rebor-dar*’, ‘*demastá no meu linde*’, un lugar descrito como ‘*a chaira dos excesos*’. Porque sabe no máis fondo que é a auténtica boca de salvación, porque coñece a verdade de que ‘*cerrándose o pracer / ábrese a podremia*’.

É un erotismo que se oe (alúdense evocadoras aliteracións de eco homerístico nun texto repleto de suxestivos sons), que se cheira (*Ules a aldea ... Gústame*), que se toca (*debúllame coas mans; prémeme coas tetas*), que se ve (*déixame albiscar / a luz do teu alento; érgueme a vista na mañá / saber que virás de contado*) e que mesmo se saborea (*ao xantar, lémbrote por enteiro*).

E é sobre todo un erotismo como consigna pola vida e contra a morte. A morte, ese *'calado berro infindo'*, *'o peso da terra no teu corpo'*, un horrible *'latexar conta atrás'*. Porque se algo é quen de exorcizar o mal cando *'sangran as nubes'* é a humidade vivificante de dúas linguas que se beixan; porque se algo é capaz de combater ese grito mudo é a forza centrífuga do máis fondo abrazo. Porque só pode *'demorar a estrela onde pace o tempo'* o amor.

Por iso Correa Corredoira fai cadros que conxelan o instante da dita, por iso escribe poemas que serven para facer *'brillar o pracer / da nosa núa sombra curvada na noite'*. Por iso se afana no exercicio de *'baixar palabras para alzar sombras'*, sabedor de que as nubes negras se disipan co seu canto. Por iso nos pide que gocemos pola vida e contra a morte. E que *'Inda que o amor / caduque no compás / nunca deixes de bailar'*.

Bailemos ata o final do amor para que o amor non remate nunca. Bailemos, pintemos, cantemos estes cánticos de amor.

Yolanda Castaño
(xuño 2018)

CANTAR DE CORPOS



O MUNDO VÉN AOS SENTIDOS

co arrastre de laiosas augas

que debrocadas retornan

á acordanza de Safo:

Outra vez sacódeme Eros,

o que desabafa os corpos,

indomeable bicho escuro.

RESPIROTE NA CAVERNA.

Néboa da túa nervadura
azóutame a mirada.

Andas polos canos onde
afofo días adiados;
os teus pés riscan luces
tendidas polas pezoñas
ondeantes nas biles.

Camiñas, para ti por min,
premendo nas dondas dedas
as nácaras do teu peito.

Sentados na lúda da area
fumamos marihuana e
vemos lumes estragados
sobre escumas, no linde
do destino xa cantado
por ti con Radio Futura.

SACO OLIVAS DO TARRO
e o teu ollar aloumíñame.
Esfollo a leituga co nervio
da túa man. Esmago o tomate
co teu alento. Pico dentes
de allo até as túas dedas.
No bater dos ovos brincan coxas.
A fervura nas patacas alza
a tapadeira do meu desexo;
aparto o pucheiro, baixo
a laparada e o teu peito
rózame na anchura das costas.
Ao xantar, lémbrote por enteiro.